

BASES CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE PERSOAL DE CICLOS MEDIOS E FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

MARZO-XUÑO 2021

**PROXECTO DE MOBILIDADE ERASMUS + 2021.
“Next Station: Improving Professional Skills in Galicia III”
NÚM. PROXECTO: 2019-1-ES01-KA102-063732**

RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO E PERSOAL DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E FP BÁSICA DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN FORMACIÓN PROFESIONAL E QUE FORMAN PARTE DO CONSORCIO DE MOBILIDADE QUE DESENVOLVERÁ UN PROXECTO KA102CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+. PROXECTO2019-1-ES01-KA102-063732.

**CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE CANDIDATOS ÁS
BOLSAS DE MOBILIDADE PARA FORMACIÓN DE PERSONAL EN PAÍSES DA UNIÓN
EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+.**

CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel
Praza da Lexión, s/n
32002 Ourense
Teléfono: 988788470 Fax: 988788482
peacarballeira@gmail.com
<http://www.cifpcarballeira.es/>

BASES DA CONVOCATORIA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa abriu unha convocatoria (Resolución do 26 de agosto do 2019) para asignar prazas para Mobilidades de profesorado para formación: 7 días para persoal de Ciclos Medios de Formación Profesional e Formación Profesional Básica, con destino en calquera dos CIFP e IES participantes no proxecto.

Estes fondos, que proceden da acción clave (KA1) do Programa ERASMUS+ e, xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

O proxecto consiste na realización dunha mobilidade de sete días, en institucións ou empresas relacionadas cos estudos impartidos nas familias profesionais de ciclos medios e FP Básica ofertadas no CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no estranxeiro que axude a mellorar o seu labor docente, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

O CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel, a través da Coordinación de Programas Internacionais, asesorará en todo o proceso ao persoal. Tamén apoiará a difusión dos resultados obtidos con estas mobilidades.

1. ASPECTOS XERAIS

Dirixido:

Ao persoal relacionado co desenvolvemento dos ciclos medios e a formación profesional básica dos ciclos ofertados no CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel, para a realización de estadias formativas no estranxeiro.

Lugar de desenvolvemento da mobilidade:

O persoal que participe na convocatoria promoverá a realización de convenios con empresas ou institucións do seu interese, sempre que estes cumpran cos criterios da convocatoria.

2. PERÍODO DE REALIZACIÓN:

A Mobilidade se desenvolverá no período entre **Marzo-Xuño 2021** sempre baixo a aprobación da dirección do seu centro.

3. DURACIÓN:

- Mobilidades de 7 días de duración.

4. ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O PERSOAL:

- **BOLSAS ERASMUS+:** (80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar).

Os importes aprobados por país e modalidade polo Programa Erasmus+ son os que figuran na seguinte táboa:

	Países de destino	Importe (7 días)
<u>Grupo A</u>	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia	819 €
<u>Grupo B</u>	Alemania, Austria, Bélgica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	728 €
<u>Grupo C</u>	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, República Checa, Rumanía, Serbia, Turquía.	637 €

Viaxes- Distancias	Importes
Entre 10 e 99 km	20 €
Entre 100 e 499 km	180 €
Entre 500 e 1999 km	275 €
Entre 2000 e 2999 km	360 €
Entre 3000 e 3999 km	530 €
Entre 4000 e 7999 km	820 €
8000 ou máis	1500 €

5. CRITERIOS, COMITÉ DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS E VALORACIÓN DE PROXECTOS:

5.1 - CRITERIOS DE SELECCIÓN

O baremo para adjudicar as bolsas de axuda valorará os seguintes criterios:

- Idoneidade do proxecto:
 - Será imprescindible que o Proxecto presentado na solicitude sexa considerado **APTO** polo Comité de Selección para poder ser admitido no proceso de baremación.
 - Presentación e idoneidade do “Compromiso de acollida dunha institución ou empresa no estranxeiro” para a realización da mobilidade **[ata 3 puntos]**.

- **Antigüidade no CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel [ata 5 puntos].**
 - Con data de destino definitivo anterior o curso 2011-2012: **5 puntos.**
 - Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2019-2020 e 2011-2012: **3 puntos.**
 - Con data destino provisional: **2 puntos.**
- Participación na derradeira convocatoria quedando en lista de espera [**1 punto**]. (sempre e cando non fora beneficiario de ningunha bolsa de axuda no Programa Erasmus+ no CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel, e fora cualificado APTO no proxecto presentado na convocatoria correspondente).
- Coñecemento de idiomas (non oficiais no estado español) [**ata 5 puntos**].

A competencia lingüística valorarase segundo os niveis cursados nas Escolas Oficiais de Idiomas ou segundo o Marco Común Europeo de referencia para as linguas.

Nota: un mesmo idioma non poderá sumar puntuación en máis dun apartado.

- C2 (MERL) Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: **5 puntos.**
- C1 (MERL) Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: **4 puntos.**
- B2 (MERL) Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: **2 puntos.**
- B1 (MERL) Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: **1 punto.**

Nota 1: No caso de empate na baremación entre candidatos valorarase:

- 1º ao profesorado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.
- 2º se persiste determinarase por sorteo.

Nota 2: no caso de persoal beneficiario de bolsa de axuda en calquera das convocatorias de mobilidade no Programa Erasmus+ no CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel no derradeiro ano formará parte de outra lista respecto ó

profesorado quen non foi beneficiario nesas convocatorias. Poderá ser beneficiario dunha bolsa de axuda sempre e cando non haxa adxudicacións na lista correspondente do persoal non participante nas derradeiras convocatorias segundo o orde desta lista.

Nota 3: o persoal do CIFP so poderá ser beneficiario dunha bolsa que xestione o CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel no mesmo curso escolar ou no mesmo proxecto en anos diferentes.

Nota 4: no caso de presentarse en dúas convocatorias Erasmus+ de proxectos diferentes no Centro será o Comité de Selección quen determine en que proxecto se realice a adxudicación da bolsa de axuda.

5.2 – COMITE DE SELECCIÓN.

- Presidenta: Directora.
- Xefe do área de calidade, innovación e orientación profesional.
- Xefa do área de formación.
- Xefe de información e orientación profesional.
- Coordinadora de programas internacionais.

Nota: Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

6. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O persoal interesado poderá entregar a solicitude na secretaría do seu centro, dende o **1 de decembro ao 11 de decembro de 2020 antes das 14:00h**. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria. Xunto ao impreso de solicitude entregarase:

1. Documentos acreditativos da competencia lingüística alegada.
2. Acreditación de antigüidade no CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel.
3. Proxecto de mobilidade (Anexo II desta convocatoria).

4. Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo III) ou documento acreditativo de ser o caso.

7. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O Comité de Selección constituído no CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel baremará as solicitudes presentadas segundo os criterios reflectidos no punto 5.1.

Finalizado o proceso de baremación, elaborará a lista de candidatos, en función da puntuación obtida e, a continuación, elevará a proposta de asignación á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, a quen lle corresponde a adxudicación definitiva.

Publicaranse nas páxinas web do centro, as actas da **resolución provisional** o día **13 de xaneiro**, que comprenderá a lista de candidatos preseleccionados aptos e non aptos.

Prazo de reclamacións do 13 ata o 19 de xaneiro.

A **resolución definitiva** farase pública o día **20 de xaneiro** na web do centro.

Se por causa xustificada algún solicitante seleccionado/a non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasarase a cubrir segundo a orde da listaxe de espera.

8. REQUISITOS PARA OBTENIR A BOLSA DE AXUDA

A asignación definitiva das prazas corresponderá á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, logo da recepción da proposta do CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel.

A percepción da bolsa de axuda adxudicada precisará o cumprimento da Resolución do 26 de agosto do 2019 e ademais :

- ✓ Aprobación do desenvolvemento da mesma pola dirección do CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel.
- ✓ Unha vez a dirección aprobe a mobilidade deberá obter o permiso da inspección educativa.



- ✓ Cumprimentar e enviar o cuestionario UE final da mobilidade (EU Survey).
- ✓ Entregar a certificación que acredite o desenvolvemento da mobilidade.
- ✓ Aportar un informe final co impacto previsto na labor docente e no ciclos formativos da familia profesional correspondente.

Ourense, 1 de decembro do 2020.

D^a. Marta Vázquez Guzmán
Directora do CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel de Ourense

ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN MOBILIDADE DE PERSOAL PARA FORMACIÓN

PROXECTO MOBILIDADE 2021
CONVOCATORIA ERASMUS +: **MARZO-XUÑO 2021**

DATOS DO/A CANDIDATO/A				
Apelidos		Nome		DNI:
Enderezo				
Tel. fixo		Tel. Móbil		
Correo electrónico				
Especialidade				
Antigüidade no Centro	anterior 2011-2012 <input type="checkbox"/>	entre 2019-2020/2011-2012 <input type="checkbox"/>	destino provisional <input type="checkbox"/>	
Participación anos anteriores quedando en lista de espera:		2019-20 <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	

IDIOMAS				
Idioma acreditado	B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	C1 <input type="checkbox"/>	C2 <input type="checkbox"/>
Idioma acreditado	B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	C1 <input type="checkbox"/>	C2 <input type="checkbox"/>
Idioma acreditado	B1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	C1 <input type="checkbox"/>	C2 <input type="checkbox"/>

DATOS DO CENTRO OU EMPRESA DE ACOLLIDA (só no caso de presentar "Compromiso de acollida")			
Nome da institución/empresa:	Enderezo/País:		
E-mail:	Web/Tif:		
Persoa de contacto:	Tif:	E-mail:	
Outro:	País:	E-mail:	

FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA
Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ "Next Station: Improving Professional Skills in Galicia III" NÚM PROXECTO: 2019-1-ES01-KA102-063732 No caso de seren seleccionado, asumo a responsabilidade de realizar a estadia na institución ou empresa de destino, segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadia.
Ourense a de 2020 Asdo.

Comisión de Selección de Movilidades para formación do persoal de Ciclos de Grao Medio e FP Básica.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», regulado na Orde do 26 de marzo de 2012 (DOG do 4 de abril) desta consellería, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional -Secretaría Xeral Técnica-Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.educacion@xunta.gal.

Anexo II

PROXECTO DE MOBILIDADE	
Obxectivos xerais	
Valor engadido para o Centro e impacto no ciclo formativo	
Resultados previstos e instrumentos de implementación	
Descrición das actividades previstas	
Outras	

Annex III Training commitment

Name of the candidate:
Personal ID n°:

I,
.....,
as legal representative of the
company....., with VAT
number..... I
commit to welcoming..... as
a “staff mobility for training” participant, within the Erasmus + Programme, in the
period.....2021.

FOR THE HOST ORGANISATION

Name:
Position:
Telephone:
E-mail: